



CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS

A Coruña, 3 de xuño de 2010.

ASUNTO: ACTO ACADÉMICO DE IMPOSICIÓN DE INSIGNIAS Á PROMOCIÓN 2009.

Estimado/a compañeiro/a:

Comprácame comunicarche a nosa felicitación máis sincera por rematar os teus estudos e obter o título de Enxeñeiro Técnico Industrial.

Como é tradicional, anualmente o **Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais**, en colaboración cos **Centros Universitarios** que imparten estudos de **Enxeñería Técnica Industrial** en **Galicia**, patrocina o **Acto de Imposición da Insignia Profesional** aos novos titulados e a concesión de **premios extraordinarios** aos mellores expedientes académicos, en cada unha das titulacións da Enxeñería Técnica da Rama Industrial impartidas na Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo, na Escola Universitaria Politécnica de Ferrol e na Facultade de Ciencias de Lugo.

Contaremos coa asistencia de distintas autoridades, profesores dos tres centros universitarios, directivos e compañeiros dos catro Colexios Profesionais de Galicia, e de forma especial, esperamos contar coa túa presenza.

A entrega das insignias e os premios efectuarase en Vigo o próximo día **2 de xullo**, venres, a partir das **19h00** horas no Paraninfo da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo, na Rúa Torrecedeira, 86. de dita Cidade.

O programa deste evento poderalo consultar en breve na páxina Web do Consello (www.cgeti.org).

Pregámosche nos confirmes a túa asistencia e o número de persoas que asistirán contigo ao Acto, antes do día 30 de xuño no teléfono: 986 431 793, ou no correo electrónico: vigo@cgeti.org

Expresámosche a nosa máis cordial felicitación e dámosche a benvida aos nosos Colexios Profesionais en A Coruña, Lugo, Ourense, e Vigo, e as súas Delegacións en Ferrol e Santiago de Compostela, onde esperamos compartir as túas inxedanzas e aspiracións profesionais.

Desexando ter a oportunidade de saudarte neste acto, envíoches o meu máis afectuoso saúdo.



Edmundo Varela Lema
Presidente.

P.D. Para o desprazamento a Vigo habilitaranse, en función da demanda, autobuses dende os distintos Colexios. Infórmate no teu Colexio nos teléfonos: Lugo: 982 263 003; Ourense: 988 510 056; A Coruña: 981 274 411; Santiago: 981 591 472; Ferrol: 981 352 902